

Orde do 27 de xaneiro de 2014 pola que se regulan a subministración electrónica dos cartóns de bingo autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo do bingo.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o xogo do bingo é un dos xogos regulados pola lei 14/1985, do 23 de outubro, do xogo de Galicia, aprobada polo Parlamento de Galicia en virtude das competencias establecidas no artigo 27.27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e está incluído no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 116/1986, do 4 de xuño. No exercicio da potestade regulamentaria prevista no artigo 22 c) da lei 14/1985, do 23 de outubro, a Xunta, por Decreto 181/2002, do 10 de maio, aprobou o Regulamento do xogo do bingo, modificado parcialmente polos Decretos 9/2007, do 25 de xaneiro e 113/2010, do 1 de xullo.

O xogo do bingo ven gravado pola taxa fiscal sobre o xogo do bingo creada polo real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas. A taxa fiscal é un tributo estatal, cuxo rendemento está cedido ás Comunidades Autónomas dende a lei 30/1983, do 28 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás Comunidades Autónomas. Actualmente a norma que rexe a cesión dos tributos estatais ás Comunidades Autónomas é a lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias. En virtude das competencias normativas recoñecidas nesta lei, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou, mediante o decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (TRTC), modificado posteriormente polas leis 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais

da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 e, recentemente, pola 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. Así, en relación á taxa fiscal sobre o xogo realizado en bingos, as normas legais aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia veñen recollidas no real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro (respecto ao feito imponible e o suxeito pasivo) e no TRTC, no que se regulan as exencións, a base imponible, os tipos de gravame, o devengo e o período impositivo e máis os aspectos de liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar.

Ata a fin do ano 2013 o xogo do bingo viña gravado tamén polo imposto sobre o xogo do bingo, creado pola lei do Parlamento de Galicia 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo, que grava a participación no xogo do bingo nos locais autorizados. Este imposto é derogado pola lei 11/2013, do 26 de decembro, anteriormente citada.

Así, a lei 11/2013, do 26 de decembro modifica o sistema tributario do xogo do bingo, de xeito que, se tradicionalmente víñase tributando polo importe correspondente aos valores faciais dos cartóns do xogo do bingo subministrados pola consellería competente en materia de facenda e, a medida que se ía facendo uso da autorización administrativa mediante a adquisición dos ditos cartóns, a partires da entrada en vigor da lei 11/2013, do 26 de decembro, a tributación prodúcese sobre o *win*, que vén definido pola diferenza entre o importe dos valores faciais dos cartóns xogados e o importe satisfeito en premios ás persoas participantes no xogo. O TRTC establece que a base imponible se determinará con carácter xeral por estimación directa, de xeito que, para garantir a exactitude na determinación da base imponible, o suxeito pasivo deberá dispoñer dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente. Por outra banda, o TRTC permite que regulamentariamente se estableza o método ou métodos de estimación obxectiva da base imponible.

A lei 11/2013, do 26 de decembro modifica así mesmo o TRTC, na regulación do devengo da taxa fiscal sobre o xogo do bingo, sinalando que o primeiro ano da autorización, o devengo coincidirá coa data da autorización e os anos subseguintes

co 1 de xaneiro de cada ano natural. Nestes casos o período impositivo coincidirá co ano natural.

O TRTC establece que os suxeitos pasivos deberán presentar, na forma, no lugar e no prazo determinados por orde da consellaría competente en materia de facenda, declaración mediante a que se autoliquidará o importe do tributo que corresponda. Ademais o TRTC determina que a consellaría competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben, podendo dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.

Neste novo contexto de tributación, procede desenvolver, por unha banda, as especificacións técnicas que deben reunir as aplicacións informáticas dos suxeitos pasivos para determinar coa debida garantía de exactitude a base imponible por estimación directa e, pola outra, e, en defecto da dita garantía, o método de estimación obxectiva da base imponible. Na orde regúlanse ambos métodos de determinación da base imponible e establécese a obriga de tributar por estimación directa para aqueles suxeitos pasivos cuxo volume de xogo anual supere o millón de euros, sen que isto teña efectos para o período impositivo do ano 2014. Cómpre regulamentar tamén a forma, lugar e prazo para a autoliquidación da taxa polas citadas réximes, o ingreso da débeda, a presentación das autoliquidacións dos tributos devengados, e mailo resto de obrigas tributarias derivadas deles. Cómpre ademais, regulamentar a subministración dos cartóns pola consellería competente en materia de facenda.

A orde estrutúrase en tres capítulos e ten vinte e dous artigos, cinco disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, tres disposicións derradeiras e nove Anexos. O capítulo I establece as disposicións xerais de aplicación e contén cinco artigos; o capítulo II regula os métodos de determinación da base imponible mediante tres artigos; o capítulo III regula as obrigas tributarias e a subministración de cartóns para o xogo do bingo, estruturándose en sete seccións, dedicadas cada unha delas respectivamente á regulamentación da subministración

de cartóns, a primeira; ao establecemento dos prazos para o cumprimento das obrigas tributarias, a segunda; á regulamentación da autoliquidación da taxa, a terceira; á ordenación dos libros rexistro de levanza obrigatoria, a cuarta; ás disposicións das obrigas censuais, a quinta e, por último, aos xustificantes electrónicos, a sexta.

Por todo isto, consonte co exposto, de acordo co establecido no artigo 37.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en virtude das competencias normativas que o artigo 50 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, outorga sobre os aspectos de aplicación da taxa fiscal sobre o xogo do bingo e de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións de dita cesión, e consonte coas habilitacións establecidas no artigo 31 do TRTC aprobado polo decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, e de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia,

DISPOÑO:

Capítulo I. Disposicións Xerais

Artigo 1.- Obxecto.

A presente orde ten por obxecto, por unha banda, establecer a réxime xurídica aplicable ao cumprimento das obrigas tributarias asociadas ao xogo do bingo e, pola outra, establecer as condicións xerais e o procedemento para a expedición e distribución dos cartóns de bingo autorizados pola consellería competente en materia de xogo para o seu uso nas salas de bingo situadas en Galicia.

Artigo 2.- Presentación e pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo do bingo e outras obrigas tributarias.

1. O pagamento e a presentación das autoliquidacións da taxa fiscal sobre o xogo do bingo que corresponda polo desenvolvemento do xogo do bingo en salas situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá realizarse por

medios electrónicos, a través da aplicación que a Axencia Tributaria de Galicia poña a disposición dos suxeitos pasivos na Oficina Virtual Tributaria (OVT), nas condicións e de acordo co procedemento previsto nesta orde.

2. O resto das obrigas tributarias reguladas nesta orde deberán cumprirse por medios electrónicos a través da aplicación que a Axencia Tributaria de Galicia poña a disposición dos suxeitos pasivos na OVT, nas condicións e de acordo cos procedementos previstos nesta orde.

Artigo 3.- Solicitud e subministración de cartóns autorizados para o xogo do bingo.

1. As empresas autorizadas pola consellería competente en materia de xogo para o desenvolvemento do xogo do bingo, deberán solicitar electronicamente ante a Axencia Tributaria de Galicia, os cartóns para o xogo do bingo, a través da aplicación que esta poña á súa disposición na OVT nas condicións e de acordo co procedemento previsto no Capítulo III desta orde, ou mediante calquera outro programa que xere un ficheiro que se axuste ás características que determine e aprobe a dirección da Axencia Tributaria de Galicia.

2. Os cartóns autorizados pola consellería competente en materia de xogo para o desenvolvemento do xogo do bingo, serán subministrados de forma electrónica pola Axencia Tributaria de Galicia, a través da aplicación que esta poña a disposición das empresas ás que se refire o apartado anterior, na OVT, nas condicións e de acordo co procedemento previsto nesta orde, ou mediante calquera outro programa que xere un ficheiro que se axuste ás características que determine e aprobe a dirección da Axencia Tributaria de Galicia.

Artigo 4.- Usuarios autorizados.

1. Para os efectos do disposto nos artigos 2 e 3 desta orde, as aplicacións informáticas para a solicitud e a subministración de cartóns de bingo e para o cumprimento das correspondentes obrigas tributarias poderán ser empregadas polos usuarios que se relacionan de seguido, que deberán ser previamente autorizados pola dirección da Axencia Tributaria de Galicia:

a) Os suxeitos pasivos que dispoñan do correspondente certificado de usuario outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-

RCM) para a presentación e pagamento dos seus propios impostos, ou doutras autoridades certificadoras admitidas pola consellería competente en materia de facenda e que previamente fosen autorizados pola dirección da Axencia Tributaria de Galicia para a presentación e pagamento electrónico destes ingresos.

b) Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, que subscribisen coa administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia o correspondente convenio de colaboración, nos termos acordados neste.

2. Os usuarios anteriores, para poder empregar as aplicacións informáticas sinaladas, deberán presentar ante a dirección da Axencia Tributaria de Galicia, no prazo máximo dun mes dende o momento en que teña eficacia a autorización de instalación da sala de bingo pola obtención do permiso de apertura e inscrición da autorización de instalación na Sección de Salas do Rexistro do Xogo do Bingo, unha solicitude de autorización xunto cunha ficha de usuario, axustadas aos modelos que contén o Anexo I, mediante as que se procederá a declarar a alta no censo regulado na sección sexta do Capítulo III desta orde. No caso de que un suxeito pasivo teña en explotación máis dunha sala de bingo no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar unha solicitude de autorización por cada unha das salas de bingo situadas en Galicia. Outorgarase a autorización a todos aqueles que reúnan as condicións establecidas no apartado anterior.

Artigo 5¹.- Aprobación de modelos en formato electrónico.

Apróbanse os modelos en formato electrónico que figuran, respectivamente, nos anexos II, III, IV e V desta orde e que se relacionan de seguido, para os efectos da solicitude de subministración de cartóns de bingo e do cumprimento das obrigas tributarias a que se refire esta orde:

Modelo S. Solicitude de subministración de cartóns de bingo.

Modelo 006. Comunicación de modificación dos datos do Censo Electrónico de salas de bingo de Galicia (CESBIGA).

¹ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

Modelo D-043. Modelo de declaración informativa do xogo do bingo.

Modelo 043. Taxa fiscal sobre o xogo. Bingo. Autoliquidación.

Artigo 6².- Determinación da base imponible.

1. A determinación da base imponible realizarase, con carácter xeral, polo método de estimación directa, e determinarase pola diferenza existente entre a suma total dos valores faciais dos cartóns vendidos na sala de bingo e as cantidades satisfeitas como premios ás persoas participantes no xogo do bingo. Para estes efectos, o sistema informático do xogo do bingo deberá conter os procedementos ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base imponible, consonte co disposto no artigo 7.

2. No caso de que o xogo do bingo non fora xestionado por un sistema informático homologado que cumprira as especificacións sinaladas nesta orde, a base imponible determinarase por estimación obxectiva, consonte co sinalado no artigo 8.

Artigo 7³.- Normas para a aplicación do método de estimación directa da base imponible.

1. Os suxeitos pasivos, para determinar a base imponible polo método de estimación directa, deberán:

a) dispor dun sistema informático homologado, que deberá reunir as características sinaladas no Anexo VI desta orde.

b) levar mediante o sistema informático anterior e consonte co regulado na sección quinta do capítulo III desta orde os libros rexistro a efectos tributarios.

2. Á información contida nos sistemas de arquivo do sistema informático deberá ter acceso o persoal da administración tributaria e de apoio á administración tributaria que sexa designado pola dirección da Axencia Tributaria.

3. Para os labores de inspección e control, a empresa autorizada deberá facilitar o establecemento dunha conexión informática que permita aos órganos competentes

² Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

³ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

en materia tributaria o acceso ao sistema de información homologado que rexistre as operacións do bingo. Esta conexión deberá permitir realizar calquera consulta en calquera momento e, como mínimo, proverá o estado da explotación, número de sesións celebradas, número de partidas xogadas, ingresos obtidos pola venda de cartóns, importes aboados polo pagamento de premios e a diferenza entre ambos e as actas correspondentes almacenadas en formato PDF e asinadas electronicamente.

4. Os suxeitos pasivos, para determinar a base imponible polo método de estimación directa, deberán comunicalo previamente á Axencia Tributaria de Galicia, xuntando a documentación que certifique que o xogo do bingo que desenvolven na sala de bingo está xestionado por un sistema informático previamente homologado que cumpre as especificacións técnicas esixidas nesta orde. As comunicacións que xunten toda a documentación necesaria para comprobar que o xogo do bingo que desenvolven na sala de bingo está xestionado por un sistema informático que cumpre as especificacións técnicas esixidas nesta orde, terán efectos:

a) as que tiveran entrada ou, de ser o caso, foran completadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende o primeiro día do mes natural seguinte e

b) as que tiveran entrada ou, de ser o caso, foran completadas entre o día 16 e o último día de cada mes, dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte.

No primeiro mes natural para o que se determine a base imponible por estimación directa, o suxeito pasivo deberá declarar á Atriga o remanente de cartóns de bingo subministrados de que dispoñía antes do inicio da primeira sesión do dito mes, identificando, por cada valor facial, cada serie completa e/ou número de cartóns. O suxeito pasivo poderá solicitar a devolución dos importes ingresados polos ditos cartóns no sistema de estimación obxectiva.

5. Comprobado que o xogo do bingo que desenvolven na sala de bingo está xestionado por un sistema informático homologado que cumpre as especificacións técnicas esixidas nesta orde, a administración tributaria procederá de oficio a modificar, cos efectos establecidos no apartado anterior, a réxime de determinación da base imponible no censo regulado na sección sexta do Capítulo III.

6. Os suxeitos pasivos cuxo volume anual de xogo supere o millón de euros, quedarán obrigados a determinar a base imponible polo método de estimación directa. Para estes efectos, entenderase por volume anual de xogo o resultado de multiplicar o número de cartóns subministrados a cada sala nun ano polo seu valor facial. Para o cómputo do número de cartóns tomarase o período anual que vai do 1 de novembro dun ano ata o 31 de outubro do ano seguinte. Neste caso, os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar o volume anual de xogo xuntando a documentación á que se refire o apartado 4 deste artigo, no mes de novembro do ano e comezarán determinar a base imponible polo método de estimación directa dende o 1 de xaneiro seguinte.

No mes de xaneiro, o suxeito pasivo deberá declarar á Atriga o remanente de cartóns de bingo subministrados de que dispoñía antes do inicio da primeira sesión do 1 de xaneiro, identificando, por cada valor facial, cada serie completa e/ou número de cartóns. O suxeito pasivo poderá solicitar a devolución dos importes ingresados polos ditos cartóns no sistema de estimación obxectiva.

7. Sen prexuízo das consecuencias doutra orde que se derivaran, o incumprimento das especificacións técnicas en calquera momento ou o descubrimento de irregularidades determinará a exclusión do método de estimación directa da base imponible polo período no que non se tivera garantía de que o sistema informático permitira a exactitude na determinación da base imponible. A administración tributaria procederá de oficio a modificar a réxime de determinación da base imponible no censo regulado na sección sexta do Capítulo III, como consecuencia do establecido neste apartado.

Artigo 8⁴.- Normas para a aplicación do método de estimación obxectiva da base imponible.

1. A base imponible determinarase por estimación obxectiva naqueles casos nos que non se cumpriran os requisitos para a súa determinación polo método de estimación directa, sen prexuízo da aplicación do método de estimación indirecta consonte co disposto nas normas tributarias de carácter xeral.

⁴ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

2. Para a estimación da base imponible, os suxeitos pasivos terán en conta o número de cartóns de bingo de cada valor facial solicitados á ATRIGA, o valor facial deles e a porcentaxe de devolución de premios.

3. Os suxeitos pasivos, estimarán a base imponible correspondente a cada período impositivo, pola diferenza entre as dúas cantidades seguintes:

a) a estimación dos ingresos obtidos pola venda dos cartóns do período, que se obterá polo número de cartóns solicitados no dito período polo seu valor facial e

b) a estimación da cantidade satisfeita en premios ás persoas xogadoras, que se obterá pola suma das cantidades resultantes de aplicar sobre a cantidade de cartóns solicitados cada mes do período, a porcentaxe mínima de devolución en premios que estivera vixente o primeiro día de cada mes do período.

Capítulo III. Obrigas tributarias e subministración de cartóns de bingo.

Sección 1ª. Subministración de cartóns de bingo.

Artigo 9.- Procedemento electrónico para a solicitude de cartóns de bingo.

1. A solicitude da subministración de cartóns de bingo, nas súas distintas series e valores faciais, presentarase a través da OVT, axustada ao modelo aprobado no Anexo II, indicando por medio da aplicación informática a matriz ou serie e o número de series de cada valor facial que desexen adquirir.

A persoa titular da autorización da sala de bingo, solicitante da subministración deberá estar previamente identificada co código de sala de bingo no Censo electrónico de salas de bingo da Comunidade Autónoma de Galicia (CESBIGA) ao que se refire o artigo 17.

2. Unha vez cubertos os datos da solicitude, para concluír co proceso, a persoa solicitante deberá proceder á presentación desta electronicamente, de xeito que transmitirá os datos da solicitude coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

3. Se a presentación electrónica é aceptada, a aplicación devolveralle á persoa solicitante en pantalla o modelo S debidamente cuberto, co seu número de identificación, cos datos declarados, coa solicitude de cartóns de bingo formulada e validado cun código seguro de verificación (CSV) formado por dezaseis caracteres e con indicación da data de presentación. Este modelo serviralle de xustificante da presentación da solicitude de cartóns na data sinalada no propio modelo.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, a persoa solicitante deberá proceder a emendalos mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación fose orixinado por un motivo non subsanable, a persoa solicitante deberá repetir a presentación.

4. A persoa titular da autorización da sala de bingo deberá conservar a solicitude aceptada e validada co seu correspondente código seguro de verificación (CSV).

Artigo 10⁵.- Subministración electrónica de cartóns de bingo.

1. Unha vez realizada a presentación da solicitude e obtido o correspondente xustificante de presentación, a Axencia Tributaria de Galicia procederá a xerar os cartóns electrónicos e enviará automaticamente unha mensaxe de aviso para que se proceda a recoller electronicamente a dilixencia de entrega de cartóns de bingo e o ficheiro cos cartóns solicitados.

2. Unha vez avisado o suxeito pasivo, a descarga dos cartóns de bingo xunto coa dilixencia que os ampara realizarase na OVT.

3. Os cartóns obteranse mediante a descarga dun ficheiro que contén os seguintes datos: valor facial, serie, número do cartón dentro da serie e código de seguridade de cada cartón (CSC). O código de seguridade (CSC) é un algoritmo que combina diferentes datos e establece unha correspondencia unívoca entre o identificador del e o CSC, polo que permite verificar polos órganos competentes en materia de tributos e de xogo, a autenticidade de calquera cartón utilizado no desenvolvemento do bingo.

⁵ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

As características deste ficheiro son as detalladas no Anexo VII desta orde.

Os cartóns ordénanse polos seguintes valores: valor facial, número de serie e número de cartón. A xeración dos cartóns físicos deberá axustarse á matriz autorizada a cada sala e cada valor facial e a súa impresión ten que ser conforme aos requisitos sinalados pola consellería competente en materia de xogo.”

4. As remesas de cartóns irán amparadas por un documento, denominado guía de circulación de cartóns de bingo autorizados, que terá o contido que se detalla no Anexo VIII, que se mostrará no terminal do presentador, e que servirá de xustificante da tenencia e destino dos cartóns adquiridos. Os cartóns amparados por cada guía de circulación, serán soamente válidos para a sala que os solicitara, estando terminantemente prohibido o seu uso noutra diferente a aquela para a que foron adquiridos, mesmo no caso de que fose xestionada pola mesma empresa.

Sección 2ª. Prazos para o cumprimento das obrigas tributarias.

Artigo 11⁶.- Prazos para o cumprimento electrónico das obrigas da taxa fiscal sobre o xogo do bingo.

1. Nos vinte primeiros días naturais de cada mes, os suxeitos pasivos deberán presentar electronicamente ante a ATRIGA unha declaración, na que comunicarán os datos seguintes:

- a) os datos correspondentes á actividade do xogo do bingo así como os datos correspondentes aos premios pagados no mes natural inmediato anterior.
- b) os datos acumulados correspondentes á actividade do xogo do bingo, así como os datos acumulados correspondentes aos premios pagados, dende a data de devindicación do exercicio ao que se refire a declaración ata a fin do mes natural inmediato anterior.
- c) unha relación individualizada dos premios superiores a 2.500 € pagados no mes natural inmediato anterior.

Para isto empregarán o modelo D-043 que conformarán coa aplicación informática que a ATRIGA poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións recollidas

⁶ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

a este respecto no modelo D-043 e seguindo o procedemento establecido no artigo seguinte.

2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a efectuar electronicamente ante a ATRIGA, nos vinte primeiros días naturais de cada mes, coa excepción do mes de xaneiro, unha vez transmitidos os datos da declaración D-043, sendos pagamentos a conta da débeda tributaria definitiva, autoliquidando e determinando o seu importe, mediante o modelo 043, que conformarán coa aplicación informática que a ATRIGA poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo e seguindo o procedemento establecido nos artigos seguintes.

3. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar electronicamente ante a ATRIGA, nos vinte primeiros días naturais do mes de xaneiro, unha vez transmitidos os datos da declaración D-043, unha declaración, na que practicarán a autoliquidación da taxa fiscal sobre o xogo de bingo e determinarán a débeda tributaria correspondente á actividade desenvolvida no ano natural inmediato anterior, aplicarán os pagamentos a conta que correspondan e ingresarán, se é o caso, o importe resultante, mediante o modelo 043, que conformarán coa aplicación informática que a ATRIGA poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo e seguindo o procedemento establecido nos artigos seguintes.

4. Para o disposto nos puntos anteriores, os suxeitos pasivos empregarán a aplicación informática que a Axencia Tributaria de Galicia poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria, seguindo o procedemento establecido nos artigos seguintes e consonte coas instrucións dos modelos aprobados por esta orde a este respecto.

5. Os prazos establecidos neste artigo entenderanse prorrogados ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil ou sábado.

Sección 3^a. Declaración informativa do xogo do bingo⁸

⁷ Engadido pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

⁸ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

Artigo 11bis. *Procedemento para a confección electrónica da declaración informativa do xogo do bingo*

1. Para cumprir as obrigas de presentación das declaracións ás que se refire o punto 1 do artigo anterior, os suxeitos pasivos incorporarán, na OVT, os datos procedentes dun arquivo que terá as especificacións técnicas que se detallan no anexo IX, consonte co sinalado no número seguinte.

Os suxeitos pasivos que determinen a base imponible por estimación obxectiva, sempre que non tiveran outorgado un premio superior a 2.500 € dende a data de devindicación ata a fin do período a que se refire a declaración, poderán confirmar os datos que a aplicación informática lles mostra, baseados nas súas solicitudes de subministración de cartóns realizadas durante o período a que se refire a declaración, consonte co disposto no punto 3 deste artigo. Neste caso, estará declarando que non pagou ningún premio superior a 2.500 € no mes a que se refira a declaración.

2. Para realizar a carga dos datos procedentes do arquivo ao que se refire o número anterior, os suxeitos pasivos deberán empregar a aplicación Subida de Arquivos que se lles habilitará na OVT. Unha vez transmitido o arquivo, aparecerá unha mensaxe informativa do resultado da carga. O arquivo poderá ser enviado as veces que sexan necesarias, prevalecendo sempre os datos contidos no último arquivo remitido.

3. Unha vez confirmados os datos mostrados pola aplicación informática, ou incorporados os datos tras a transmisión do arquivo, cargarase o modelo D-043 debidamente cuberto, debendo ser confirmado polo suxeito pasivo, momento no que se lle asignará un número identificativo do modelo.

4. Unha vez confirmado o modelo D-043, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación electrónica del, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado. A presentación do modelo D-043 producirase de xeito simultáneo á presentación da autoliquidación á que se refire o artigo 14 e consonte co disposto nel.

5. A aplicación informática obterá unha pegada dixital dos datos declarados correspondentes á relación de premios mediante a aplicación do algoritmo SHA-1 ou semellante dunha función resumo (“Hash”). Esta pegada, que supón a representación compacta dos datos declarados, incluírase no modelo D-043 e permitirá validar en calquera momento a información garantindo que esta se corresponde cos datos orixinalmente presentados. No modelo D-043 reflectirase un resumo do número de premios xunto coa súa pegada dixital de 40 caracteres hexadecimais, de forma que, para o caso dos premios, conterase a identificación do primeiro e do último premio superior a 2.500 € declarados que correspondera segundo a orde determinada pola data e hora do pagamento do premio.

A relación completa de premios cos seus datos declarados poderá obterse a través da OVT unha vez presentada a declaración, mediante a identificación do número da declaración informativa á que correspondera, podendo descargar o contido en texto plano coa incorporación da pegada dixital.

Sección 4ª. Autoliquidación da taxa fiscal sobre o xogo.

Artigo 12.⁹ Procedemento para a confección electrónica da autoliquidación

1. Para cumprir as obrigas a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 11, os usuarios a que se refire o artigo 4 accederán á OVT, na aplicación denominada TAXA FISCAL SOBRE O XOGO REALIZADO EN BINGOS, e iniciarán a confección do modelo 043 correspondente á actividade do xogo do bingo declarada no modelo D-043 previamente cargado e confirmado referido ao mesmo período.

A aplicación informática mostraralle de forma diferenciada o resumo dos datos declarados consonte co deseño do modelo 043. O usuario deberá confirmar os datos. Se ten que modificalos, deberá facelo mediante a carga e a confirmación dun novo modelo D-043 cos datos rectificadas. Cando o usuario modifique os datos do modelo D-043, a aplicación presentarlle novamente o resumo dos datos consonte co último D-043 cargado e confirmado.

⁹ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

2. Cando a autoliquidación corresponda a calquera dos meses naturais do ano anteriores ao último mes natural do período impositivo, unha vez confirmados os datos, a aplicación informática calculará o pagamento á conta da débeda tributaria definitiva, aplicando o tipo de gravame á base imponible provisional acumulada correspondente ao ano en curso desde a data de devindicación ata o último día do período a que se refire a autoliquidación, descontando do resultado os pagamentos á conta, correspondentes ao período impositivo, que anteriormente se tivesen autoliquidado.

3. Cando a autoliquidación corresponda ao último mes natural do período impositivo, unha vez confirmados os datos, a aplicación informática calculará a débeda tributaria correspondente ao dito período impositivo, así como, de ser o caso, o importe a ingresar ou a devolver, aplicando o tipo de gravame á base imponible acumulada correspondente ao ano a que se refire a autoliquidación e descontando da débeda tributaria resultante o importe dos pagamentos á conta correspondentes ao período impositivo, que anteriormente se tivesen autoliquidado.

4. Unha vez calculados os importes a que se refiren os números 2 e 3, o usuario deberá confirmalos, momento en que se lle asignará un número identificativo da operación. O usuario, para concluír o proceso de confección do modelo 043, deberá confirmar a operación.

5. Unha vez confirmada a operación, no mesmo prazo que para a súa presentación, previamente a esta e sempre que resulte unha cantidade positiva a ingresar, o usuario deberá seleccionar a/as forma/s de pagamento consonte as instrucións do modelo no anexo de datos de pagamento. No caso de que marque un importe a aprazar ou fraccionar, deberá presentar ante a Atriga solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinalados na normativa de aplicación e sen que se poida entender presentada aquela coa presentación electrónica da autoliquidación. No caso de que recoñeza débeda por algún importe, transcorrido o prazo voluntario do seu pagamento sen facelo efectivo, exixirase pola vía de constrinximento, nas condicións establecidas na normativa tributaria. No caso de que teña que ingresar algún importe, procederá consonte o disposto no artigo 13.

6. Unha vez cuberto o anexo de datos de pagamento e, de ser o caso, tras a operación de pagamento, nos mesmos prazos sinalados no artigo 11, deberá proceder á presentación electrónica do modelo 043, consonte o disposto no artigo 14.

Artigo 13.¹⁰ Procedemento electrónico para o pagamento da débeda tributaria

1. Unha vez confeccionado e confirmado o impreso 043 conforme o sinalado no artigo 12, cando o usuario determine unha cantidade positiva a ingresar no anexo de datos de pagamento, deberá realizar o seu pagamento de calquera das formas sinaladas no número 2.

2. Os usuarios poderán pagar a débeda ordenando a súa domiciliación consonte coa normativa vixente na materia e/ou de calquera das formas seguintes:

a) De forma presencial en calquera das entidades de crédito colaboradoras autorizadas, mediante a carta de pagamento que, para estes efectos, xerará a aplicación informática e que previamente deberá imprimir o usuario. A aplicación informática xerará dous exemplares da carta de pagamento debidamente cubertos cos datos que o usuario facilitase na aplicación informática. Con estes dous exemplares da carta de pagamento acudirase á entidade colaboradora para realizar o pagamento. Unha vez realizado o pagamento, a entidade colaboradora facilitará un número de referencia completo (NRC) identificativo do ingreso realizado, quedará co exemplar para a entidade colaboradora e devolverá ao usuario o exemplar para o interesado co selo da entidade, coa data do ingreso, co número e co importe, así como co NRC. O dito documento servirá de xustificante de pagamento do número da autoliquidación impreso nel. O NRC será requirido posteriormente pola aplicación informática para completar a presentación electrónica da autoliquidación

b) De forma electrónica. O usuario accederá ás aplicacións específicas a través da OVT da Atriga e efectuará o pagamento da correspondente autoliquidación, a través das entidades de crédito colaboradoras para tal efecto ou mediante tarxeta de crédito ou débito a través de sistemas de terminal de punto de venda (TPV) virtual. A

¹⁰ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

entidade efectuará as comprobacións oportunas e aceptará ou rexeitará a operación. No caso de ser aceptada, efectuará o aboamento na correspondente conta restrinxida de recadación de tributos e xerarase o correspondente NRC, para completar a presentación electrónica da autoliquidación. Unha vez realizado o pagamento, a aplicación informática xerará o recibo a que se refire o artigo 22.

3. O NRC a que se refire o número 2 é un código xerado informaticamente mediante un sistema criptográfico que permitirá asociar a autoliquidación presentada ao pagamento dela derivado. O NRC está composto por 22 posicións co seguinte contido: Posicións 01-13: alfanuméricas, corresponden ao número de xustificante asignado pola oficina virtual tributaria. Posición 14: alfanumérica, corresponde a un carácter de control adicional. Posicións 15-22: caracteres de control. As normas técnicas de xeración do NRC figuran no anexo X.

4. A xeración do NRC pola entidade e a inclusión del nun recibo entregado ao obrigado tributario implicará:

- a) Que o recibo en que figura responde a un ingreso realizado na entidade que o expide.
- b) Que o devandito recibo corresponde á autoliquidación que se indica nel e non a outra.
- c) Que a partir do momento de xeración deste pola entidade de crédito, e sempre que o NRC non fose anulado consonte a normativa tributaria en materia de recadación, queda a entidade obrigada fronte á Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia polo importe que figura no devandito recibo, e o obrigado queda tributario liberado da súa obriga de pagamento fronte á citada Facenda, salvo que se poida probar de forma fidedigna a inexactitude da data ou do importe que conste na validación do xustificante.

5. Unha vez xerado o correspondente NRC, salvo que fose anulado consonte a normativa tributaria en materia de recadación, non se admitirá a retrocesión do pagamento por parte da entidade, e o suxeito pasivo deberá presentar, de ser o caso, ante a Atriga, a correspondente solicitude de devolución de ingresos indebidos adecuadamente fundamentada. Pola súa banda, a entidade deberá realizar o

pagamento na conta restrinxida de recadación con carácter previo á xeración do citado NRC.

Artigo 14.¹¹ Procedemento para a presentación electrónica das autoliquidacións

1. Unha vez calculada a débeda e, de ser o caso, realizado o seu pagamento, para concluír co proceso o usuario deberá presentar a autoliquidación electronicamente, de maneira que transmitirá os datos dela coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unicamente a sinatura correspondente ao seu certificado.

2. Se a presentación electrónica é aceptada, a aplicación devolveralle ao usuario en pantalla o modelo D-043 e o modelo 043 debidamente cubertos, con cadanseu número de identificación, cos datos declarados, coa autoliquidación da débeda tributaria, cos datos correspondentes ao importe a ingresar ou a devolver e, de ser o caso, co ingreso realizado e coa data do ingreso e/ou coa débeda recoñecida, coa data da presentación e validado cun código seguro de verificación (CSV) formado por dezaseis caracteres. Estes modelos serviránlle de xustificante da presentación dos números da declaración e da autoliquidación impresos neles na data sinalada nos propios modelos e, de ser o caso, do seu pagamento ou da presentación da solicitude de devolución derivada da normativa da taxa fiscal sobre o xogo do bingo.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, o usuario deberaos emendar mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación foi orixinado por un motivo non emendable, o usuario deberá repetir a presentación.

Sección 5ª. Libros rexistro a efectos tributarios.

Artigo 15¹².- Obriga de levar libros rexistro.

¹¹ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

¹² Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a levar os libros rexistro regulados nesta sección. Serán de aplicación as normas establecidas nas disposicións xerais en materia tributaria.

2. Os suxeitos pasivos que determinen a base imponible mediante o método de estimación directa deberán levar os libros rexistro electronicamente. O contido de ditos libros rexistro conformarase coa información do sistema informático do xogo de bingo a que se refire o artigo 7.1.a).

O sistema de información do xogo do bingo deberá garantir e certificar de xeito electrónico a data, hora, minuto e segundo de cada operación do xogo e máis a data, hora, minuto e segundo de cada operación de pagamento, así como a súa veracidade.

3. A administración tributaria poderá acceder á información dos libros rexistro en calquera momento. No caso da obriga da súa levanza de xeito electrónico, a administración tributaria accederá mediante acceso seguro e compatible cos seus sistemas informáticos, visualizando a información en pantalla mediante vistas que deberán axustarse ao disposto no seguinte punto. Igualmente, a administración poderá descargar a información que requira en formato .csv, .txt, .xls, .pdf ou en calquera outro formato que permita a tecnoloxía en cada momento.

4. O sistema informático deberá permitir xerar en todo momento a información dos libros rexistro mediante a visualización das actas de cada sesión en formato .pdf ou mediante a visualización da información mediante vistas, por sesión ou por un período de tempo conformado de data a data. A información deberá poderse obter tanto ao mínimo nivel de detalle configurado por cada partida, como de xeito agregado por diferentes criterios, xa sexan criterios xeográficos, por locais, por sesións, por valores faciais ou calquera outro criterio admisible.

5. O sistema informático permitirá xerar vistas coa información completa da actividade de xogo e en resumo polo período obxecto das declaracións informativas D-043 que ten que presentar o suxeito pasivo en cada caso, de xeito que, unha vez finalizado cada mes natural, poderase obter unha vista na que mostraranse os datos correspondentes ao mes e máis o seu resumo e outra coa mesma información acumulada dende a data de devindicación ata a fin do mes correspondente.

A vista reflectirá os datos correspondentes ás partidas de bingo validamente formalizadas, as anuladas e os premios pagados durante o período correspondente. Os datos resumiranse clasificados por sesión, coa información correspondente ao número total de cartóns vendidos por cada valor facial, o número total de incidencias con consecuencia de anulación da partida e as cantidades devoltas, o número de premios outorgados e a cantidade asociada e o número total de premios pagados e a cantidade pagada en premios. O sistema informático permitirá xerar igualmente un resumo, do número de premios non superiores a 2.500 € pagados e o importe asociado, o número de premios superiores a 2.500 € pagados e o importe asociado e o número total de premios pagados e o importe asociado.

Esta información así como a información de respaldo deberá conservarse en soporte informático polo suxeito pasivo consonte co disposto na lei xeral tributaria.

6. Os libros ou rexistros, que, en cumprimento da normativa en materia de xogo, deban levar os suxeitos pasivos, poderán ser empregados a efectos da aplicación deste tributo, sempre que se axusten aos requisitos que se establecen nesta orde.

Artigo 16¹³.- Libro rexistro de Actas.

1. O Libro de Actas estará configurado pola integración das actas redactadas para cada unha das sesións de xogo do bingo tradicional celebradas nos establecementos autorizados.

Entenderase por sesión de xogo, o período ininterrompido que discorre entre a apertura e inicio do xogo e a finalización do mesmo e peche da sala.

2. A acta de cada sesión irá precedida por unha dilixencia inicial alusiva á data e hora de comezo da mesma, redactarase de xeito simultáneo ao desenvolvemento de cada unha das partidas e reflectirá o desenvolvemento de cada sesión, pechándose ao rematar a mesma con outra dilixencia de peche, facendo constar en ambas as dúas dilixencias, e en xeral en todas as que se practiquen, a sinatura e o número de identificación fiscal do empregado que a tal efecto estableza o regulamento do bingo ou, en defecto de regulación, polo xefe de mesa caixeiro.

¹³ Engadido pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

3. Na acta faranse constar para cada partida o número de orde da mesma, o valor facial dos cartóns empregados, a cifra de cartóns vendidos, con indicación da súa serie e número de orde inicial e final, a cantidade total recadada e as cantidades correspondentes aos distintos premios que deban ou, no seu caso, poidan ser aboados na partida, así como, mediante dilixencias diferenciadas realizadas nas condicións citadas no apartado anterior, as incidencias e as reclamacións dos xogadores que se produciran.

4. Os suxeitos pasivos que determinen a base imponible mediante o método de estimación directa, deberán levar este libro rexistro electronicamente. O contido do libro rexistro conformarase coa información do sistema informático do xogo do bingo a que se refire o artigo 7.1.a). O sistema de información deberá garantir e certificar de xeito electrónico a data, hora, minuto e segundo de cada operación. En particular, para garantir a integridade de cada acta, estas deberán almacenarse en formato PDF, previamente asinadas electronicamente, con certificado dixital recoñecido, polo responsable que a tal efecto estableza o regulamento do bingo ou, en defecto de regulación, polo xefe de mesa caixeiro. As sinaturas gardaranse nos propios documentos conforme ao estándar de sinatura PADES.

5. Os suxeitos pasivos que determinen a base imponible mediante o método de estimación obxectiva, poderán levar este libro rexistro de forma manual en libros en papel, que deberán ser previamente dilixenciados pola ATRIGA. No entanto, poderán ser empregados a estes efectos os libros que os suxeitos pasivos leven consonte co establecido no regulamento do bingo, sempre que se axusten ao contido establecido a efectos tributarios, con independencia de que conformen un único libro ou varios.

Artigo 16bis¹⁴.- Libro rexistro de Premios.

1. O Libro de Premios estará configurado pola integración das actas dos premios redactadas para cada unha das sesións de xogo do bingo celebradas nos establecementos autorizados.

¹⁴ Modificado pola Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017)

Entenderase por sesión de xogo, o período ininterrompido que discorre entre a apertura e inicio do xogo e a finalización do mesmo e peche da sala.

2. A acta de premios de cada sesión irá precedida por unha dilixencia inicial alusiva á data e hora de comezo da mesma, redactarase de xeito simultáneo ao desenvolvemento de cada unha das partidas e reflectirá o desenlace delas en termos de premios, pechándose ao rematar a mesma con outra dilixencia de peche, facendo constar en ambas as dúas dilixencias, e en xeral en todas as que se practiquen, a sinatura e o número de identificación fiscal do empregado que a tal efecto estableza o regulamento do bingo ou, en defecto de regulación, polo xefe de mesa caixeiro.

3. Nas actas do Libro de Premios consignarase a identidade, nome, apelidos e número de identificación fiscal, pasaporte ou número de identidade que corresponda en cada caso, daqueles xogadores que obtivesen premios en cada partida superiores ao importe establecido nesta orde, a contía exacta do premio obtido, a data da súa obtención e do seu pagamento, o número de orde da partida na que se obtivo, a identificación do cartón que obtivo o premio e o seu valor facial e a sinatura ou aceptación do pagamento do xogador. No caso de que o sistema non incorporase a recollida da sinatura da persoa que obteña o premio, deberase conservar a acta impresa e asinada polas persoas gañadoras dos premios.

Polo que respecta aos premios que se tiveran pagado e que non superen a contía sinalada nesta orde, consignarase a identificación de cada un dos cartóns premiados e o seu valor facial, a contía exacta dos premios obtidos, a data da súa obtención e do seu pagamento e mostrarase un resumo co número total de cartóns premiados e máis o importe total dos premios outorgados e os pagados. Deberase conservar a información certificada da operación de pagamento, para facer proba da realidade dos pagamentos dos premios efectuados.

No caso de que calquera premio fora obxecto de impugnación ou reclamación farase constar esta circunstancia e se o premio foi ou non pagado e, de ser o caso, por que importe.

4. Os suxeitos pasivos que determinen a base imponible mediante o método de estimación directa, deberán levar este libro-rexistro electronicamente. O contido do libro rexistro conformarase coa información do sistema informático do xogo do bingo a que se refire o artigo 7.1.a). O sistema de información deberá garantir e certificar de xeito electrónico a data, hora, minuto e segundo de cada operación de pagamento. En particular, para garantir a integridade de cada acta, estas deberán almacenarse en formato PDF, previamente asinadas electronicamente, con certificado dixital recoñecido, polo responsable que a tal efecto estableza o regulamento do bingo ou, en defecto de regulación, polo xefe de mesa caixeiro. As sinaturas gardaranse nos propios documentos conforme ao estándar de sinatura PADES. No caso de que o sistema non incorporara a recollida da sinatura da persoa que obtivera o premio, deberase conservar a acta impresa e asinada pola dita persoa.

5. Os suxeitos pasivos que determinen a base imponible mediante o método de estimación obxectiva, poderán levar este libro rexistro de forma manual en libros en papel, que deberán ser previamente dilixenciados pola ATRIGA, ou ben, mediante a realización de anotacións, por calquera procedemento idóneo, sobre follas separadas, que despois haberán de ser numeradas e encadernadas correlativamente para formar o libro de premios. No entanto, poderán ser empregados a estes efectos os libros que os suxeitos pasivos leven consonte co establecido no regulamento do bingo, sempre que se axusten ao contido establecido a efectos tributarios, con independencia de que conformen un único libro ou varios.

Sección 6ª. Censo electrónico de salas de bingo de Galicia (CESBIGA) e obrigas tributarias censuais.

Artigo 17.- Censo electrónico de salas de bingo de Galicia.

1. O Censo electrónico de salas de bingo de Galicia (CESBIGA) é o instrumento que será empregado pola Axencia Tributaria de Galicia para os efectos da aplicación do tributo ao que se refire esta orde.

2. O CESBIGA conterá, ademais dos datos sinalados na normativa xeral tributaria, os datos declarados mediante a solicitude de autorización a que se refire o artigo 4 desta orde.

3. Presentada a solicitude de autorización a que se refire o artigo 4 desta orde, a administración tributaria procederá a dar de alta a sala de bingo no CESBIGA incorporando tódolos datos aos que se refire o apartado anterior e asignándolle un código de identificación, que se denominará código de sala, formado por cinco caracteres numéricos, que deberá ser empregado polo suxeito pasivo en todas as actuacións que teña coa administración tributaria na aplicación deste tributo.

4. Quedarán inscritas no CESBIGA cada unha das salas de bingo situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, sen prexuízo das consecuencias que deriven do incumprimento das obrigas sinaladas nesta sección, a Axencia Tributaria de Galicia poderá incorporar de oficio os datos que deban figurar no censo, de acordo co disposto no artigo 144 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de actuación e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado mediante Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e mediante as actuacións ás que se refire o artigo 21 desta orde.

Artigo 18.- Procedemento para a modificación dos datos contidos no CESBIGA.

1. Cando se produza algunha variación nos datos inscritos no censo, referentes á sala de bingo, os suxeitos pasivos deberán, con carácter xeral, presentar comunicación electrónica daquela ante a Axencia Tributaria de Galicia a través do modelo 006, no prazo de vinte días naturais contados dende o momento no que se produza dita modificación.

Para iso empregarán o modelo 006 que conformarán coa aplicación informática que a ATRIGA poña a disposición dos suxeitos pasivos na OVT, consonte coas instrucións recollidas a este respecto no propio modelo e nas condicións e de acordo co procedemento previsto neste artigo.

2. Unha vez consignados os datos a modificar, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación electrónica, de forma que transmitirá os datos da declaración coa

sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

3. Se a declaración é aceptada, a aplicación devolveralle ao suxeito pasivo en pantalla o modelo 006 debidamente cuberto cos datos declarados e co seu código de identificación, código que se corresponde co número de autorización de sala da consellería competente en materia de xogo, e con indicación da data de presentación. O modelo 006 virá validado cun código seguro de verificación (CSV) formado por dezaseis caracteres. Este modelo serviralle de xustificante da presentación da declaración de modificación dos datos do CESBIGA na data sinalada no propio modelo.

No caso de que a presentación fose rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, o suxeito pasivo deberá proceder a emendalos mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación fose orixinado por un motivo non emendable, o suxeito pasivo deberá repetir a presentación.

4. O suxeito pasivo deberá conservar a declaración aceptada e validada co correspondente código seguro de verificación.

Artigo 19.- Procedemento para a modificación do suxeito pasivo.

1. Cando por calquera operación ou título xurídico se produza a modificación do suxeito pasivo do tributo que grava o xogo do bingo, quen fose o suxeito pasivo con anterioridade á modificación deberá comunicar electronicamente á Axencia Tributaria de Galicia, mediante o modelo 006, unha baixa por modificación do suxeito pasivo, identificando ao novo suxeito pasivo e este último, deberá presentar electronicamente unha declaración de alta por modificación do suxeito pasivo.

Para estes efectos os suxeitos pasivos empregarán a aplicación informática á que fai referencia o artigo anterior, debendo proceder do xeito que se sinala nos apartados seguintes.

2. Quen fose o suxeito pasivo con anterioridade á modificación deberá comunicar a baixa por cambio de suxeito pasivo de forma electrónica nos sete primeiros días

naturais do mes seguinte á data na que se realizase aquela. A comunicación referida determinará no mesmo momento da aceptación pola aplicación da súa presentación, a baixa provisional do suxeito pasivo inicial respecto da sala de bingo censada. Con anterioridade á comunicación da baixa deberá cumprir as obrigas tributarias que tivera pendentes.

O suxeito pasivo inicial deberá xustificar documentalmente ante a Axencia Tributaria de Galicia o cambio no prazo máximo de 5 días hábiles. Verificada pola administración a documentación achegada, procederase á baixa definitiva do suxeito pasivo inicial respecto da sala de bingo censada.

3. Realizada a baixa provisional, e, sen prexuízo do disposto no artigo 4 desta orde, o novo suxeito pasivo deberá comunicar electronicamente á Axencia Tributaria de Galicia a alta por cambio de suxeito pasivo nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á data na que se realizase a modificación do suxeito pasivo. A referida comunicación determinará no mesmo momento da aceptación pola aplicación da súa presentación a alta do novo suxeito pasivo respecto á sala de bingo censada, momento a partir do que poderá realizar calquera operación con respecto a esa sala de bingo a través das aplicacións informáticas da OVT.

4. Sen prexuízo das consecuencias que deriven do incumprimento das obrigas neste artigo sinaladas, a Axencia Tributaria de Galicia poderá de oficio dar de baixa a quen fose suxeito pasivo con anterioridade á operación que determine o cambio de suxeito pasivo, ou a solicitude do novo suxeito pasivo, previa xustificación documental.

Artigo 20.- Peche definitivo da sala de bingo ou extinción da autorización.

1. Nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á data de peche definitivo da sala de bingo ou á extinción da autorización, o suxeito pasivo deberá presentar electronicamente o modelo 006 para comunicar a dita circunstancia. A comunicación referida determinará no mesmo momento da súa aceptación, a baixa provisional da sala de bingo do censo. Con anterioridade á comunicación da baixa deberá cumprir as obrigas tributarias que tivera pendentes. Para os efectos do sinalado neste artigo, empregará a aplicación informática á que fai referencia o artigo 18 anterior e seguirá o procedemento regulado nel. Comunicada a suspensión ou peche da autorización

da sala, o suxeito pasivo deberá xustificala documentalmente ante a Axencia Tributaria de Galicia no prazo máximo de 5 días hábiles. Verificada pola administración a documentación achegada, procederase á baixa definitiva da sala de bingo do censo.

2. Sen prexuízo das consecuencias que deriven do incumprimento das obrigas neste artigo sinaladas, a Axencia Tributaria de Galicia poderá, de oficio, dar de baixa as salas de bingo que cesasen na súa actividade.

Artigo 21.- Actuacións de comprobación censual.

1. A Axencia Tributaria de Galicia comprobará a veracidade dos datos comunicados mediante o modelo 006 de acordo co disposto no artigo 144 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado mediante Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

2. A Axencia Tributaria de Galicia poderá modificar de oficio a situación censual das salas de bingo inscritas de acordo co establecido nos artigos 145 e 146 do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos aprobado mediante Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, segundo proceda en cada caso.

Sección 7ª. ¹⁵ Xustificantes do pagamento e da presentación electrónica de solicitudes, declaracións e autoliquidacións e accesos á OVT.

Artigo 22.¹⁶ Xustificantes do pagamento e da presentación electrónica de solicitudes, declaracións e autoliquidacións

1. No caso de que o usuario opte polo pagamento de forma presencial nunha entidade colaboradora, o exemplar para o interesado da carta de pagamento que

¹⁵ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

¹⁶ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

esta entregue nos termos previstos no artigo 13.2.a) servirá de xustificante do pagamento do número da autoliquidación impreso nel.

2.¹⁷ Se as persoas usuarias optasen polo pagamento electrónico, a aplicación informática, unha vez realizado o pagamento, xerará o correspondente recibo, que as persoas obrigadas tributarias deberán conservar, no cal se identificarán, no caso de pagamento con tarxeta, a data do ingreso, o importe, o NIF e o nome do suxeito pasivo, así como o NRC. No caso de que o pagamento se realice con cargo en conta, no recibo identificarase, ademais, o número de conta que realiza o pagamento. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento da autoliquidación asociada ao NRC impreso nel.

3. A presentación das declaracións da taxa fiscal que grava o xogo do bingo e a súa data acreditaranse mediante os documentos (modelos D-043 e 043) xerados pola aplicación informática en que constarán os datos identificativos do suxeito pasivo, da declaración, da liquidación e da cantidade que se debe ingresar ou devolver e, de ser o caso, do ingreso e/ou da débeda recoñecida, así como as datas do ingreso, de ser o caso, e da presentación. Ademais, xerarase un código interno que permitirá asociar de forma inequívoca as declaracións presentadas electronicamente coas xeradas pola aplicación informática e entregadas. O modelo 043 xerado pola aplicación xustificará, así mesmo e de ser o caso, o pagamento das cantidades positivas resultantes del ou a presentación da solicitude de devolución derivada da normativa do tributo nos termos previstos no número 2 do artigo 14.

4. Os xustificantes de pagamento e presentación sinalados nos números anteriores producirán os efectos liberatorios para coa Facenda da Comunidade Autónoma sinalados no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. No caso de que a autoliquidación non dea lugar a ingreso bastará a xustificación da presentación na forma sinalada no número 3. Os obrigados tributarios deberán conservar os xustificantes de pagamento e presentación.

¹⁷ Modificado pola Orde do 16 de decembro de 2021 pola que se modifican diversas normas Tributarias (DOG Núm. 245 do 23 de decembro de 2021)

5. Unha vez que a aplicación informática acepte a presentación de calquera declaración realizada polo suxeito pasivo mediante o modelo 006, xerarse o dito modelo debidamente cuberto cos datos declarados e validado cun CSV formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Este modelo serviralle de xustificante da presentación da declaración de modificación na data sinalada no propio modelo. O suxeito pasivo deberá conservar a declaración afectada e validada co correspondente CSV.

6. Os xustificantes a que se refiren os números 3 e 5 poderán ser verificados por calquera persoa de forma permanente e inmediata mediante a introdución do seu CSV no servizo de verificación de documentos da OVT da Atriga. Para estes efectos, poderanse establecer mecanismos de verificación automática do CSV a través de servizos web ou similares cos colectivos que se estableza.

Artigo 23.¹⁸ Accesos á OVT

1. Os usuarios poderán en calquera momento acceder á OVT, no seu horario de dispoñibilidade, para cumprir as obrigas tributarias a que se refire esta orde.

2. Para estes efectos, os usuarios deberán acceder na sección Usuarios autorizados á aplicación informática denominada TAXA FISCAL SOBRE O XOGO REALIZADO EN BINGOS. Unha vez nela poderán acceder ás diferentes declaracións e solicitudes. Para estes efectos, cada unha delas mostrará o estado de situación en que se encontra. Con ocasión de cada acceso, os usuarios poderán comezar unha operación ou, de ser o caso, retomar as operacións pendentes e continuas.

3. Os estados de situación poden ser:

a) Borrador: é o estado en que se encontran as declaracións 006 e D-043 cando foron confeccionadas e gardadas sen ser presentadas.

b) Pendente de pagamento e presentación: é o estado en que se encontra o modelo 043 a ingresar cando foi confirmado polo usuario mais non foi realizada ningunha das fases posteriores de pagamento nin de presentación.

¹⁸ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

c) Pendente de pagamento: é o estado en que aparece o modelo 043 a ingresar confirmado polo usuario, cando o importe a ingresar no anexo de datos de pagamento foi tramitado para o seu pagamento presencial segundo o establecido no artigo 13.2.a) mais o usuario non concluíu a transacción de pagamento.

d) Pendente de presentación: é o estado en que aparece o modelo 043 validado polo usuario, cando aínda non foi presentado, e, no caso de que sexa a ingresar, unha vez seleccionada/s a/as forma/s de pagamento da débeda tributaria no anexo de datos de pagamento e, de ser o caso, ingresada a cantidade positiva a ingresar que figurase no dito anexo, consonte co disposto no número 2 do artigo 13.

e) Presentado: estado en que aparecen as solicitudes e os modelos 006, D-043 e 043 cando, unha vez confeccionados e validados e, de ser o caso, realizadas as operacións reguladas nesta orde, o usuario os presentase electronicamente ante a Atriga.

Disposición adicional primeira.- Excepcionalidade ao cumprimento das obrigas tributarias de forma electrónica.

De xeito excepcional e cando circunstancias extraordinarias así o aconsellen, previa petición do interesado debidamente xustificada, a dirección da Axencia Tributaria de Galicia, valoradas as razóns aducidas polo interesado e a documentación e as probas achegadas por el para xustificar a súa demanda, poderá excepcionar a aquel da obrigatoriedade de empregar os medios electrónicos para o cumprimento das obrigas tributarias reguladas nesta orde. A resolución fixará o alcance temporal da excepcionalidade e a forma e as condicións nas que deberá facer efectivas as obrigas tributarias, sen prexuízo das consecuencias que derivasen de acordo coa normativa tributaria no caso de incumprimentos das normas.

Disposición adicional segunda.- Salas de bingo radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia xa autorizadas para o uso da Oficina Virtual Tributaria.

1. Os titulares de autorizacións de instalación de salas de bingo vixentes á entrada en vigor desta orde, quedan excepcionados da obriga establecida no artigo 4.2, por aquelas salas de bingo para as que xa viñeran empregando a OVT para o efecto de

cumprir as obrigas tributarias asociadas ao desenvolvemento do xogo do bingo nesta Comunidade Autónoma.

2. No CESBIGA incluírase de oficio en tódalas salas de bingo censadas a forma de determinación da base imponible, de xeito que en todas elas consignarase a estimación obxectiva. No caso de que o titular da sala pretendere determinar a base imponible mediante estimación directa dende o día 1 de xaneiro de 2014, deberá comunicar á ATRIGA este extremo, nos dez primeiros días naturais a contar dende o seguinte ao día en que se produza a entrada en vigor da orde, aportando as probas de que o sistema informático homologado permite que a administración tributaria poda coñecer e controlar con exactitude e garantía a base imponible consonte co disposto nesta orde e que a dita aplicación está en funcionamento polo menos dende o día 1 de xaneiro de 2014.

Disposición adicional terceira.-¹⁹ Obrigas de conservación de soportes informáticos das entidades de crédito en que se realice o pagamento deste tributo.

No suposto de pagamento electrónico das autoliquidacións referidas ao tributo sobre o xogo realizado en bingos, a entidade de crédito conservará durante un período de cinco anos os soportes informáticos que motivaron o devandito NRC.

Disposición adicional cuarta.- Confidencialidade e representación.

Os profesionais colexiados, así como as entidades, institucións ou organizacións representativas de sectores sociais, laborais, empresariais ou profesionais, no exercicio das súas funcións e nas actuacións previstas nos convenios correspondentes respectarán as normas establecidas na lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e na lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

¹⁹ Modificado pola Orde do 22 de decembro de 2020 pola que se modifican as ordes de aplicación de impostos propios da Comunidade Autónoma de Galicia e das taxas fiscais sobre o xogo (DOG Núm. 6 do 12 de xaneiro de 2021)

Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais aos que o suxeito pasivo solicitase a colaboración para a presentación electrónica destes ingresos, deberán posuír a representación nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A Administración poderá requirir destes, en calquera momento, a acreditación da devandita representación.

A falta de representación suficiente das persoas no nome das cales se presentase a documentación dará lugar á esixencia das responsabilidades que fosen procedentes.

Disposición adicional quinta.- Modificación dos anexos desta orde.

Autorízase á dirección da Axencia Tributaria de Galicia a modificar ou actualizar mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia os Anexos I ao X desta orde, cando fora preciso como consecuencia da modificación das normas legais ou regulamentarias ou como consecuencia dos avances tecnolóxicos, os cambios de sistemas ou calquera outra circunstancia que precisara a correspondente plasmación nos modelos aprobados ou nas normas ou especificacións técnicas aprobadas polos ditos Anexos.

Disposición Transitoria primeira.- Xogo desenvolvido con cartóns de bingo adquiridos con anterioridade a 2014.

Para os efectos do disposto na disposición transitoria cuarta da lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, os titulares das salas de bingo procederán do xeito que se describe a continuación:

a) Os suxeitos pasivos deberán declarar ante a ATRIGA, no prazo dun mes a contar dende o día no que entre en vigor esta orde, o remanente do que dispoñían antes do inicio da primeira sesión do ano 2014, dos cartóns de bingo subministrados ata o fin do ano 2013, identificando, por cada valor facial, cada serie e o número de cartóns que dispoñían de cada unha delas.

b) Dende a entrada en vigor da orde, os suxeitos pasivos deberán poñer á venda nas salas de bingo os cartóns aos que se refire o apartado anterior, con carácter previo aos cartóns que foran subministrados dende o ano 2014.

c) Os suxeitos pasivos deberán comunicar ante a ATRIGA, por cada valor facial, a data na que se produza o esgotamento dos cartóns aos que se refire o apartado 1 desta disposición, momento a partir do que, comezará a obriga de tributación polo xogo desenvolvido nas salas de bingo consonte coa réxime tributaria establecida pola lei 11/2013, do 26 de decembro. Esta comunicación deberán realizala no prazo de cinco días hábiles a contar dende a data na que se producira o esgotamento.

d) Para a determinación da base imponible polo método de estimación obxectiva no primeiro período de tributación unha vez producida a circunstancia sinalada no apartado anterior, tomarase o número de cartóns do valor facial que correspondera en cada caso que se tiveran subministrados dende o 1 de xaneiro de 2014 ata a fin do mes no que se producira o esgotamento dos cartóns e como porcentaxe de devolución en premios, tomarase a porcentaxe vixente o primeiro día do mes no que se produza o esgotamento.

e) Os suxeitos pasivos deberán declarar ante a ATRIGA, nos vinte primeiros días naturais do mes de xaneiro de cada ano, de ser o caso, os remanentes de cartóns subministrados ata a fin do ano 2013 dos que dispuxeran antes do inicio da primeira sesión de cada ano, identificando, por cada valor facial, cada serie e o número de cartóns que dispoñen de cada unha delas.

Disposición Transitoria segunda.- Cumprimento das obrigas tributarias correspondentes ao xogo desenvolvido con anterioridade á entrada en vigor desta orde.

As obrigas tributarias establecidas no artigo 11 desta orde, que os suxeitos pasivos tiveran que cumprir polo xogo desenvolvido no ano 2014 con anterioridade á entrada en vigor desta orde, cumpriranse nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á entrada en vigor da orde.

Disposición derradeira primeira.- Modificación da orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras.

Introdúcense as seguintes modificacións no Anexo IV:

- 1) Modifícase a descrición das posicións 18-19 do deseño do rexistro do detalle de autoliquidacións (tipo 3) do Anexo IV da orde do 21 de xuño de 2006 pola que se regulan procedementos de xestión recadatoria e a actuación das entidades colaboradoras, quedando redactada do seguinte xeito:

“PERÍODO

OBRIGATORIO PARA OS MODELOS 002, 005, 011, 043, 044 E 045. LIBRE PARA O RESTO DOS MODELOS.”

- 2) modifícase o contido do tipo de rexistro 3 (detalle de autoliquidacións) contido no apartado denominado “Validacións e posibles erros. Díxitos de control. Códigos de barras.”, quedando substituído pola seguinte redacción:

“* Tipo de rexistro 3 (detalle de autoliquidacións).

Tipo de rexistro distinto de 3: grave.

O número de secuencia do rexistro tipo-3 non é correcto: grave.

O código de delegación do documento non é válido: leve.

Exercicio non válido: leve.

O período non está comprendido entre o 01 e o 12 (exclusivamente para os modelos 002-Imposto sobre a contaminación atmosférica. Estimación directa, 005-Imposto sobre a contaminación atmosférica. Estimación obxectiva e 043-Taxa fiscal sobre o xogo. Bingo. Autoliquidación) ou o período non é 1T, 2T, 3T nin 4T (exclusivamente para os modelos 011- Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, 044-Taxa fiscal sobre o xogo casinos e 045-Taxa fiscal sobre o xogo máquinas recreativas): leve.

O código de modelo é distinto aos autorizados: grave.

Non se corresponde co grupo-subtotal en que se presenta: grave.

O díxito de control non cumpre coa rutina de cálculo para autoliquidacións: leve.

O NIF non é correcto: leve.

A sucursal da entidade colaboradora non é válida: grave.

O importe do ingreso é igual a ceros: grave.

A data real do ingreso non é correcta ou é maior ao período informado: grave.”

Disposición derradeira segunda.- Modificación da orde do 28 de maio de 2013 pola que se regulan os cartóns de bingo autorizados na Comunidade

Autónoma de Galicia, a súa subministración electrónica e a presentación e o pagamento electrónico dos tributos sobre o xogo do bingo.

Un. Modifícase o título da orde, que pasa ser “orde do 28 de maio de 2013 pola que se regulan os cartóns de bingo autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Dous.- Modifícase o artigo 1 que queda redactado como segue:

“Artigo 1.- Obxecto.

A presente orde ten por obxecto establecer as características, formato e contido dos cartóns de bingo autorizados pola consellería competente en materia de xogo para o seu uso nas salas de bingo situadas en Galicia.”

Tres.- Suprímense os artigos 3 e 4 e o título II completo da orde.

Catro.- Suprímense as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta e máis o apartado 1 da disposición adicional quinta da orde.

Cinco.- Suprímense os Anexos I ao VIII da orde.

Disposición derradeira terceira.- Entrada en vigor.

1. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior:

- a) a orde será de aplicación para tódolos feitos impositivos gravados pola taxa fiscal sobre o xogo acaecidos dende o 1 de xaneiro de 2.014.
- b) a obrigaón de empregar o método de estimación directa para a determinación da base impositiva, de acordo co establecido no artigo 7.6, non terá efectos durante os períodos impositivos do anos 2014, 2015 e 2016²⁰.

²⁰ Modificado pola Orde de 28 de decembro de 2015 (DOG núm. 248, de 30 de decembro de 2015)

ANEXO I²¹

Solicitud de autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para a solicitude e subministración electrónicas dos cartóns para o xogo do bingo e para o pagamento electrónico e a presentación electrónica das declaracións e autoliquidacións da taxa fiscal sobre o xogo realizado en bingos

NIF		Apelidos e nome ou razón social				
S.G.	VÍA PÚBLICA	NUM.	ESC.	PISO	PTA.	TLFNO.
CONCELLO		PROVINCIA			C. P.	

En calidade de

Titular Representante de:

NIF	Apelidos e nome ou razón social
-----	---------------------------------

suxeito pasivo da Taxa Fiscal sobre o Xogo realizado en Bingos, pola sala de bingo:

Nº de autorización sala	Data de autorización	Lugar de instalación da sala
-------------------------	----------------------	------------------------------

Nome da sala		Categoría da sala
Modalidade/s do xogo		Serie/s Autorizada/s
Forma de determinación da base imponible:		
E. Obxectiva		E. Directa

SOLICITO:

²¹ Modificado pola Resolución do 7 de marzo de 2014 pola que se actualiza o modelo en formato electrónico de autoliquidación do canon eólico (modelo 012) e as fichas de usuario da oficina virtual tributaria do canon eólico e da taxa fiscal sobre o xogo do bingo. (DOG nº 53, do 18 de marzo de 2014)

autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica das autoliquidacións da taxa fiscal sobre o xogo realizado en bingos, con suxeición ao establecido na normativa vixente.

....., de..... de

Asdo.:

Identificación de usuarios para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica das autoliquidacións da taxa fiscal sobre o xogo realizado en bingos.

IDENTIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO

Denominación Social
NIF
Enderezo
Concello
Provincia
Teléfono
Correo electrónico

IDENTIFICACIÓN DO/S USUARIO/S DA APLICACIÓN:

Nome e Apelidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma ¹	: Nivel de acceso ² :

Nome e Apelidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma ¹	: Nivel de acceso ² :

Nome e Apelidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma ¹	: Nivel de acceso ²

RESPONSABLE DE INFORMÁTICA

Nome e Apelidos
NIF
Teléfono
Correo electrónico

¹ O idioma poderíase cubrir “**galego**” ou “**castelán**” segundo se desexe.

² Acceso. Se se pon “**total**”, poderanse ver todos os expedientes presentados; se se pon “**parcial**”, só se poderán ver os expedientes grabados por ese usuario exclusivamente.

ANEXO II

Modelo S: Solicitud de subministración de cartóns de bingo²²

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA <input style="width: 100px; height: 20px;" type="text"/>	CARTÓN S DE BINGO AUTORIZADOS SOLICITUDE DE SUBMINISTRACIÓN	MODELO S																																																																	
Operación de referencia: Número de expediente: Data de presentación:	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 20%; text-align: center; font-size: 8px;">Período</td> <td style="width: 40%; text-align: center; font-size: 8px;">Data Solicitud</td> <td style="width: 20%; text-align: center; font-size: 8px;">Exercicio</td> <td style="width: 20%; text-align: center; font-size: 8px;">Mes</td> </tr> <tr> <td colspan="4" style="height: 40px;"></td> </tr> </table>	Período	Data Solicitud	Exercicio	Mes																																																														
Período	Data Solicitud	Exercicio	Mes																																																																
SUJEITO PASIVO	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 20%; font-size: 8px;">NIF</td> <td style="font-size: 8px;">Apellidos e nome ou razón social</td> </tr> <tr> <td style="font-size: 8px;">Rúa/praza/avda.</td> <td style="font-size: 8px;">Nome da vía pública</td> </tr> <tr> <td style="font-size: 8px;">Concello</td> <td style="font-size: 8px;">Código</td> </tr> </table>	NIF	Apellidos e nome ou razón social	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Concello	Código	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Número</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Escal.</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Andar</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Porta</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Teléfono</td> </tr> <tr> <td colspan="3" style="font-size: 8px;">Código</td> <td style="font-size: 8px;">Provincia</td> <td style="font-size: 8px;">Cod. Postal</td> </tr> </table>	Número	Escal.	Andar	Porta	Teléfono	Código			Provincia	Cod. Postal																																																	
NIF	Apellidos e nome ou razón social																																																																		
Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública																																																																		
Concello	Código																																																																		
Número	Escal.	Andar	Porta	Teléfono																																																															
Código			Provincia	Cod. Postal																																																															
REPRESENTANTE	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 20%; font-size: 8px;">NIF</td> <td style="font-size: 8px;">Apellidos e nome ou razón social</td> </tr> <tr> <td style="font-size: 8px;">Rúa/praza/avda.</td> <td style="font-size: 8px;">Nome da vía pública</td> </tr> <tr> <td style="font-size: 8px;">Concello</td> <td style="font-size: 8px;">Código</td> </tr> </table>	NIF	Apellidos e nome ou razón social	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Concello	Código	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Número</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Escal.</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Andar</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Porta</td> <td style="width: 10%; font-size: 8px;">Teléfono</td> </tr> <tr> <td colspan="3" style="font-size: 8px;">Código</td> <td style="font-size: 8px;">Provincia</td> <td style="font-size: 8px;">Cod. Postal</td> </tr> </table>	Número	Escal.	Andar	Porta	Teléfono	Código			Provincia	Cod. Postal																																																	
NIF	Apellidos e nome ou razón social																																																																		
Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública																																																																		
Concello	Código																																																																		
Número	Escal.	Andar	Porta	Teléfono																																																															
Código			Provincia	Cod. Postal																																																															
DATOS SALA	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 30%; font-size: 8px;">AUTORIZACIÓN NÚMERO</td> <td style="width: 30%; font-size: 8px;">LUGAR DE INSTALACIÓN DA SALA</td> <td style="width: 40%; font-size: 8px;">NOME DA SALA</td> </tr> <tr> <td style="height: 40px;"></td> <td></td> <td></td> </tr> </table>	AUTORIZACIÓN NÚMERO	LUGAR DE INSTALACIÓN DA SALA	NOME DA SALA																																																															
AUTORIZACIÓN NÚMERO	LUGAR DE INSTALACIÓN DA SALA	NOME DA SALA																																																																	
SOLICITUDE DE SUBMINISTRACIÓN	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th colspan="5" style="text-align: center; font-size: 8px;">CARTÓN S QUE SE SOLICITAN</th> </tr> <tr> <th style="width: 20%; font-size: 8px;">VALOR FACIAL DO CARTÓN</th> <th style="width: 30%; font-size: 8px;">MATRIZ</th> <th style="width: 10%; font-size: 8px;">NÚMERO DE SERIES</th> <th style="width: 10%; font-size: 8px;"></th> <th style="width: 30%; font-size: 8px;">NÚMERO DE CARTÓN S</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">a.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">b.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">c.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">d.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">e.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">f.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">g.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">h.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">l.1</td><td></td></tr> <tr><td></td><td></td><td></td><td style="text-align: center;">j.1</td><td></td></tr> <tr> <td colspan="4" style="text-align: center; font-size: 8px;">NÚMERO TOTAL DE CARTÓN S SOLICITADOS</td> <td style="text-align: center; font-size: 8px;">T</td> </tr> </tbody> </table>		CARTÓN S QUE SE SOLICITAN					VALOR FACIAL DO CARTÓN	MATRIZ	NÚMERO DE SERIES		NÚMERO DE CARTÓN S				a.1					b.1					c.1					d.1					e.1					f.1					g.1					h.1					l.1					j.1		NÚMERO TOTAL DE CARTÓN S SOLICITADOS				T
CARTÓN S QUE SE SOLICITAN																																																																			
VALOR FACIAL DO CARTÓN	MATRIZ	NÚMERO DE SERIES		NÚMERO DE CARTÓN S																																																															
			a.1																																																																
			b.1																																																																
			c.1																																																																
			d.1																																																																
			e.1																																																																
			f.1																																																																
			g.1																																																																
			h.1																																																																
			l.1																																																																
			j.1																																																																
NÚMERO TOTAL DE CARTÓN S SOLICITADOS				T																																																															
SELLO	<p style="font-size: 8px;">A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección www.atriga.gal (Oficina Virtual Tributaria)</p> <p style="font-size: 8px;">Código Seguro de Verificación:</p>																																																																		

²² Modificado pola Resolución da Axencia Tributaria de Galicia do 27 de outubro 2021 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das declaracións e autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre xogo (DOG núm.216, de 10 de novembro de 2021)

INSTRUCCIÓN:

Período

Neste bloque cargarase a data de solicitude, o mes e o exercicio no que se realiza a dita solicitude.

Suxeito pasivo

Neste bloque cargaranse os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, apelidos e nome ou razón social, enderezo fiscal ou enderezo para efectos de notificacións. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na Oficina Virtual Tributaria. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenu “Catálogo de servizos”.

Representante

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, Apelidos e nome e enderezo.

Datos da sala

Neste bloque cargaranse o nº de autorización da sala, o lugar de instalación da sala e o nome co que se coñece a sala de bingo.

Solicitude de subministración

Neste bloque cargarase o resultado da solicitude feita polo suxeito pasivo, de xeito que virá especificado o número de series de cartóns por cada valor facial e matriz ou tipo de serie, así como o número de cartóns solicitados. Na casaña T totalizarase o número de cartóns solicitado.

A solicitude será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante.

Unha vez presentada a declaración cargarase a operación de referencia, o número de expediente e a data de presentación.

ANEXO III

Modelo 006: Comunicación de modificación dos datos do Censo Electrónico de salas de bingo de Galicia (CESBIGA)²³

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA	CENSO TELEMÁTICO DE SALAS DE BINGO DE GALICIA 	Modelo 006																																
Declaración Inicial/modificación declaración Inicial																																		
CARÁCTER	CARÁCTER DA DECLARACIÓN: DATA DE EFECTOS: NIF CAMBIO SUXEITO PASIVO:	Nº Expediente: _____ Data presentación: _____																																
SUJEITO PASIVO	DNI _____ APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL _____ Nº REGISTRO XOGO DO BINGO, SECCIÓN 1ª _____ S.G. _____ NOME DA VÍA PÚBLICA _____ NÚM. ESC. PISO PORTA TELÉFONO _____ CONCELLO _____ PROVINCIA _____ CÓDIGO POSTAL _____																																	
REPRESENTANTE	NIF _____ APELIDOS E NOME _____ S.G. _____ NOME DA VÍA PÚBLICA _____ NÚM. ESC. PISO PORTA TELÉFONO _____ CONCELLO _____ PROVINCIA _____ CÓDIGO POSTAL _____																																	
DATOS SALA	AUTORIZACIÓN Nº _____ DATA DE AUTORIZACIÓN _____ LUGAR DE INSTALACIÓN DA SALA _____ NOME SALA _____ CATEGORÍA SALA _____ MODALIDADE DE XOGO <input type="checkbox"/> BTF-Bingo tradicional físico																																	
SERIES AUTORIZADAS	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 33%;">VARIANTE DE XOGO</th> <th style="width: 33%;">VALOR FACIAL</th> <th style="width: 33%;">CÓDIGO DE MATRIZ</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>	VARIANTE DE XOGO	VALOR FACIAL	CÓDIGO DE MATRIZ																														
VARIANTE DE XOGO	VALOR FACIAL	CÓDIGO DE MATRIZ																																
BASE IMPONIBLE	Determinación da base imponible Estimación Directa <input type="checkbox"/> Estimación Obxectiva <input type="checkbox"/>																																	
SELO	A veracidade do contido deste documento pode comprobarse en www.atrigo.gal (Oficina Virtual Tributaria). Código Seguro de Verificación _____																																	

Este documento proporciona un número de control identificativo de esta declaración e servirá de sustitución de presentación de mesma.

²³ Modificado pola Resolución da Axencia Tributaria de Galicia do 27 de outubro 2021 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das declaracións e autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre xogo (DOG núm.216, de 10 de novembro de 2021)

INSTRUCCIÓN

Carácter da declaración

Neste bloque deberase sinalar o carácter ao que corresponda a declaración, consonte a seguinte nomenclatura, e na data consignarase en cada caso:

MODIFICACIÓN: Cando se trate dunha modificación dos datos declarados con anterioridade correspondentes á sala de bingo. Neste caso a data a consignar é a data da autorización da modificación; no caso de que sexa unha modificación que non precisara autorización, porase a data da modificación.

BAIXA POR CAMBIO DE SUXEITO PASIVO: Consignarase cando se produza a transmisión por calquera título da condición de suxeito pasivo. A data será a da transmisión. Neste caso haberá que especificar o NIF do novo suxeito pasivo.

ALTA POR CAMBIO DE SUXEITO PASIVO: Consignarase no caso de adquisición da condición de suxeito pasivo por unha sala de bingo. A data será a do día seguinte á data en que se produciu o cambio do suxeito pasivo. Neste caso haberá que especificar o NIF do anterior suxeito pasivo.

PECHE DEFINITIVO OU EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN: Cando se trate dun peche definitivo da sala do bingo ou da extinción da autorización, a data será a data do peche definitivo ou a data da extinción dela.

Neste bloque, unha vez presentada a declaración cargarase o número de expediente e a data de presentación.

Suxeito pasivo

Neste bloque deberanse consignar os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, apelidos e nome ou razón social, enderezo fiscal ou enderezo para efectos de notificacións. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na Oficina Virtual Tributaria. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenu “Catálogo de servizos”.

Deberá especificar o nº do Rexistro do xogo do bingo, sección primeira.

Representante

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, Apelidos e nome e enderezo.

Datos da sala

Deberá consignar:

Nº DE AUTORIZACIÓN: Deberá consignar o número de autorización da sala. Este será o número que terá que empregar nos seus accesos na OVT.

DATA DE AUTORIZACIÓN: A data na que se expedira a autorización de sala de bingo.

LUGAR DE INSTALACIÓN DA SALA: Deberá sinalarse o concello no que está ubicada a sala de bingo.

NOME DA SALA: Deberá sinalarse o nome co que se coñece a sala de bingo.

CATEGORÍA DA SALA: Deberá sinalarse a categoría da sala consonte co Regulamento do bingo.


MODALIDADE/S DO XOGO: Deberá especificar a modalidade ou modalidades para as que está autorizado pola consellería competente en materia de xogo.

SERIE/S AUTORIZADA/S: Deberá especificar para cada modalidade de xogo para a que estea autorizado, a matriz ou serie ou matrices ou series que ten autorizadas para o desenvolvemento do xogo.

Base imponible

Deberá consignar a forma na que determina a base imponible, segundo reúna ou non as características exixibles ao sistema informático do xogo que permita á administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente. Deste xeito marcará estimación directa en caso afirmativo e estimación obxectiva en caso contrario.

A declaración será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante.

DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA	TAXA FISCAL SOBRE O XOGO DO BINGO Declaración informativa de bingos	 Agencia Tributaria de Galicia	MODELO D043
---	--	--	------------------------------

PREMIOS E GANANCIAS	Exercicio: <input type="text"/> Mes: <input type="text"/>	Número de expediente: <input type="text"/>	Data de presentación: <input type="text"/>
	<input type="checkbox"/> Complementaria Nº Autoliquidación: <input type="text"/>	Operación de referencia: <input type="text"/>	

SUXEITO PASIVO:	NIF	Apellidos e nome ou razón social
------------------------	-----	----------------------------------

	Número	IMPORTE
PREMIOS OBTIDOS SUPERIORES AO IMPORTE REGLAMENTARIO		
PREMIOS PAGADOS SUPERIORES AO IMPORTE REGLAMENTARIO		

Nº TOTAL REGISTROS INCORPORADOS NA DECLARACIÓN INFORMATIVA _____

	NIF	APELLIDOS E NOME	IDENTIFICACIÓN PREMIO	IMPORTE	COBRADO	DATA PAGO PREMIO	SESIÓN	PARTIDA	VALOR FISCAL
DE									
ATA									

INSTRUCCIÓN:

Período e Carácter

Neste bloque deberán consignarse os datos correspondentes ao período a que corresponde a declaración, así como o carácter dela, de xeito que:

a) No exercicio farase constar o ano natural a que corresponden os datos incluídos na declaración.

b) No período consignarase o mes a que corresponden os datos incluídos na declaración numerados do 1 ata o 12, desde o primeiro mes natural ata o último mes natural do ano.

Exemplo: do 1 ao 20 de febreiro do ano 20XX terase que presentar a declaración correspondente ao mes inmediato anterior, polo que en exercicio se consignará 20XX e en período, se consignará 01.

Se a declaración é unha complementaria doutra xa presentada, marcarase o recadro denominado «Complementaria» e consignarase o número da declaración a que complementa.

Neste bloque, unha vez presentada a declaración cargarase o número da operación de referencia, o número de expediente e a data de presentación..

Suxeito pasivo

Neste bloque cargaranse os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, apelidos e nome ou razón social, enderezo fiscal ou enderezo para efectos de notificacións. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na Oficina Virtual Tributaria. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenú “Catálogo de servizos”.

Representante

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, Apelidos e nome e enderezo.

Datos da sala

Neste bloque cargaranse o nº de autorización da sala, o lugar de instalación da sala e o nome co que se coñece a sala de bingo.

Información xogo do bingo

Neste bloque consignarase a información do xogo do bingo correspondente ao período a que se refire a declaración e máis a información acumulada desde a data de devindicación ata a fin do período a que se refire a declaración.

Información xogo do bingo do período:

Valor facial do cartón:	Consignarase liña por liña o valor facial dos cartóns xogados no período a que se refire a declaración.
-------------------------	---

Matriz/Serie:	Consignarase en cada liña a matriz ou serie a que corresponden os cartóns de cada valor facial xogados no período a que se refire a declaración.
Número de cartóns:	ED: Consignarase en cada liña por cada valor facial e matriz/serie o número de cartóns xogados no período a que se refire a declaración. EO: Consignarase en cada liña por cada valor facial e matriz/serie o número de cartóns subministrados pola Atriga no período a que se refire a declaración. Na casíña (N ₁) consignarase o total de cartóns calquera que fora o seu valor facial, matriz ou serie, xogados /subministrados no período a que se refire a declaración.
